

As tecnólogas de atlantTic tomaron a palabra con motivo do Día das Nenas nas TIC 2023

martes, 2 de maio do 2023 / S. P.

O centro atlantTic da Universidade de Vigo sumouse ás celebracións do Día Internacional das Nenas nas TIC, que se conmemorou o 27 de abril. Baixo o lema #NenasEnTIC, atlantTic compartiu o obxectivo fundamental da celebración: acadar que dende a súa nenez as mulleres poidan orientar a súa formación cara a tecnoloxía en igualdade de condicións que os homes.

“Isto non só implicaría contar con máis referentes femininos nas

áreas #STEM, senón tamén reducir a fenda salarial de xénero, evitar discriminacións e garantir espazos de traballo máis diversos”, explican dende o centro, que para dar visibilidade á devandita celebración converteu en protagonistas da xornada a catro das súas investigadoras.

Trátase de Yolanda Blanco Fernández, Mónica Fernández Barciela e Silvia García Méndez, que, segundo lembra atlantTic foron “nenas TIC” e, agora, “son grandes profesionais dentro dos seus ámbitos de especialización”.

Yolanda Blanco Fernández

– Cando eras nena, que querías ser de maior?

– Matemática. Sempre quixen estudar Ciencias Exactas, pero en COU o orientador do meu colexio díxome que a saída natural sería ser profesora de matemáticas. Non me vía nese rol, así que optei por renunciar á miña vocación por fuxir da docencia, razón pola que decidín cambiar as matemáticas por unha enxeñaría. En fin... as voltas que da a vida.

– Que estudaches?

– Enxeñaría de Telecomunicación.

– Cal é o teu traballo actualmente?

– Son profesora titular de universidade, e compaxino a docencia na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET) coa investigación en atlantTic. Ademais, asumo tarefas de xestión nas dúas entidades, coordinando un dos módulos do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT) e ocupando a subdirección do Centro, pola outra.

– En que consiste a túa xornada de traballo?

– Na miña faceta como docente imparto clases, atendo titorías, organizo a docencia da semana seguinte, corrijo probas de avaliación continua, seguimento do progreso dos TFG que titorizo actualmente. Como investigadora, avanzo nas contribucións dos proxectos actualmente en marcha, redacción de artigos de investigación, preparación de solicitudes en convocatorias de proxectos afíns ás miñas liñas de investigación. E na xestión céntrome na asistencia a reunións de coordinación do GETT, e supervisión do día a día nos departamentos que dependen directamente da subdirección do Centro.

Mónica Fernández Barciela

– Que querías ser de maior cando eras nena?

– Quería ser física e traballar en astrofísica, física de partículas, foguetes espaciais... Apaixonábame a



dinahostin
hospeda este espazo web

#aculturasegu

galicia XUNTA DE GALICIA



BALIDEA



Revista en PDF:



Descárgaa xa



siguenos
través de
Google
current



• A Xunta autoriza a contratación de obras do Centro de ciberseguridade de Galicia, en San Cibrao das Viñas, cun investimento de máis de 6 M€
• OPERACIÓN REACT 20.1.2.4 – Posta en marcha do marco galego de competencias dixitais – 205-2023000003
• O Diario Oficial de Galicia publica hoxe a segunda convocatoria dos bonos dixitais para facilitar a contratación de banda larga a persoas vulnerables

Galicia,
un territorio
para innovar

XUNTA DE GALICIA

ciencia e a tecnoloxía.

- Que estudaches?

- Ciencias Físicas, especialidade de electrónica. Logo doutoreime en Enxeñaría de Telecomunicación. Especialiceime en predicir o comportamento eléctrico dos dispositivos activos semicondutores, para deseñar circuitos de alta frecuencia como os que permiten comunicarse aos *smartphones*.

- Cal é o teu traballo actualmente?

- Son profesora titular na Universidade de Vigo (imparto docencia na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación) e investigadora de atlantTic.

- En que consiste a túa xornada de traballo?

- Dou algunhas horas de clase a alumnado de Grao e Máster, oriento aos meus alumnos e alumnas de TFM, TFG e doutorado, tomo un café cos meus compañeiros, realizo medidas no laboratorio ou leo/escribo artigos científicos e fago tarefas de xestión relacionadas cos proxectos de investigación ou a docencia. En ocasións, vou a congresos científicos. A verdade é que me encanta o meu traballo!

Silvia García Méndez

- Que querías ser de maior cando eras nena?

- Física.

- Que estudaches?

- Grao e Máster de Telecomunicación na Universidade de Vigo.

- Cal é o teu traballo actualmente?

- Investigadora Postdoutoral da Xunta de Galicia. Colaboro co Instituto Superior de Enxenharia do Porto (ISEP) na creación de solucións de aprendizaxe máquina para detectar bots maliciosos e contido de tipo *spam* nas redes sociais co obxectivo de combater a desinformación.

- En que consiste a túa xornada de traballo?

- Escribir artigos sobre as investigacións que estamos a levar a cabo dentro do eido da Intelixencia Artificial e xestionar os proxectos de investigación con outros grupos, como o anteriormente mencionado ISEP e o grupo Underisk da Universidade de Santiago de Compostela. Ó anterior súmase a xestión de proxectos de transferencia dos nosos resultados de investigación a empresas como Ancora Mobile, CoinScrap Finance e EDNON.

0 comments

Ordenar por:

Engadir un comentario...

Plugin dos comentarios do Facebook

PUBLICIDADE

adega eidos viticultores

Adega Eidos
albariñosbaixas

terxy galicia calidade

Quercus

EL DESCANSO MÁS NATURAL



Eventos tecnolóxicos

miércoles, 23 de agosto

Día do Internauta primeira páxina web da

martes, 29 de agosto

Día Mundial del Gamer

martes, 19 de septiembre

Día da Liberdade de Derección

Calenda

